

NORMATIVA SOBRE O CRITERIO DE ANTIGÜIDADE DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR PARA EFECTOS INTERNOS NA USC.

(Aprobada por Acordo do Consello de Goberno de 04/02/2015)

O artigo 16 dos novos Estatutos da USC, aprobados por Decreto 14/2014 do 30 de xaneiro (DOG do 6 de agosto de 2014), di o seguinte en relación á antigüidade do PDI para efectos internos:

“Cando sexa de aplicación para efectos internos, o criterio de antigüidade do persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela entenderase referido ao tempo de permanencia nela dentro da categoría de que se trate.”

En correspondencia, a disposición adicional cuarta ordena os corpos e categorías en oito grupos “para os efectos de prelación entre as categorías establecidas no artigo 16”.

O devandito criterio de antigüidade do PDI recollido nos Estatutos debe ser desenvolvido para a súa aplicación uniforme aos procesos internos nos que ten relevancia, agás que outras normas ou acordos establezan outros criterios de ordenación, tendo en conta as diversas situacións laborais e administrativas existentes na actualidade, baseadas na Lei orgánica de universidades (LOU) e no Decreto 266/2002 do 6 de setembro (DOG do 17-09-2002) de contratación, así como aquelas outras situacións derivadas da Lei de reforma universitaria (LRU) ou doutras normas, nos períodos que corresponda. Ademais, o criterio estatutario debe ser completado coa previsión de criterios complementarios para establecer prelacións de antigüidade nos casos de membros do PDI con igual antigüidade estatutaria, e para determinar a situación na prelación de corpos, categorías e contratos non explícitos nos Estatutos.

Tendo en conta o anterior, o Consello de Goberno na súa reunión do 4 de febreiro de 2015, ACORDA:

Primeiro: Para determinar a antigüidade dun membro do persoal docente e investigador da USC, en aplicación do artigo 16 dos Estatutos, teranse en conta sucesivamente os seguintes criterios:

- a) En primeiro lugar terase en conta o corpo ou categoría a que pertence e o lugar que esta ocupa na prelación de corpos e categorías establecida na disposición adicional cuarta dos Estatutos da USC e desenvolvida no punto segundo desta normativa.
- b) En segundo lugar terase en conta o tempo de permanencia na USC dentro da categoría ou categorías integradas nun mesmo grupo de prelación. Para estes efectos, computarase conxuntamente o tempo de permanencia en todos os corpos e categorías dun mesmo grupo. No grupo oitavo terase en conta todo o tempo de permanencia como docente na USC.
- c) No caso de que os anteriores criterios fosen insuficientes para determinar a respectiva antigüidade de dous ou máis membros do PDI, terase en conta o tempo total de

permanencia como docente na USC. Se fose idéntico considerárase máis antigo quen teña o grao de doutor, e se o tivesen ambos, o de maior idade.

Segundo: Os grupos nos que se clasifican os corpos e categorías para os efectos da aplicación do criterio de antigüidade exposto no artigo anterior son os seguintes, por orde de prelación:

Grupo 1.- Pertencen a este grupo:

- a. Os catedráticos de universidade en activo.
- b. Os profesores eméritos que se xubilaron como catedráticos de universidade.

Grupo 2.- Pertencen a este grupo:

- a. Os profesores titulares de universidade.
- b. Os catedráticos de escolas universitarias.
- c. Os profesores eméritos que se xubilaron como profesores titulares de universidade ou catedráticos de escolas universitarias.

Grupo 3.- Pertencen a este grupo:

- a. Os profesores titulares de escolas universitarias.
- b. Os profesores contratados doutores.
- c. O persoal docente procedente da antiga Escola de Graduados Sociais, integrada na USC por medio do Decreto 241/1991 do 4 de xullo.¹
- d. O profesorado funcionario interino.

Grupo 4.- Pertencen a este grupo:

- a. Os profesores colaboradores.
- b. Os lectores.

Grupo 5.- Pertencen a este grupo os profesores axudantes doutores.

Grupo 6.- Pertencen a este grupo os axudantes.

Grupo 7.- Pertencen a este grupo:

- a. Os profesores asociados.
- b. Os profesores asociados de ciencias da saúde.

Grupo 8.- Pertencen a este grupo:

- a. Os profesores interinos de substitución, agás os asimilados ao grupo 3.

- b. Os investigadores contratados ao abeiro do programa Ramón y Cajal, Parga Pondal ou outros equivalentes, contratados despois da entrada en vigor dos Estatutos da USC de 2014.
- c. O restante persoal docente e investigador contratado non integrado en corpos ou categorías asimilados aos anteriores.

Terceiro: Equiparacións para o efecto da aplicación desta normativa

1. Equipáranse ás categorías do grupo 3:

- a. O profesorado contratado interinamente para cubrir prazas vacantes de profesor contratado doutor, cuxa convocatoria foi anulada por R.r do 16/11/2012, de anulación parcial da convocatoria aprobada por R.r. de 21/09/2012.ⁱⁱ
- b. O profesorado contratado interinamente para cubrir prazas vacantes de profesor contratado doutor creadas ao obxecto de facilitar a estabilización de investigadores contratados ao abeiro dos programas Ramón y Cajal-2008 e Parga Pondal -2007 e 2008, non autorizadas pola Xunta no ano 2013 para a súa cobertura definitiva.ⁱⁱⁱ
- c. O profesorado contratado interinamente para cubrir prazas vacantes de profesor contratado doutor creadas no ano 2014 en virtude de accións de promoción reguladas no convenio colectivo.^{iv}
- d. O profesorado contratado interinamente para cubrir prazas vacantes de profesor contratado doutor creadas no ano 2014 para facilitar a estabilización de investigadores do programa Ramón y Cajal.^v

2. Formarán parte dos grupos de prelación expresados no apartado anterior os corpos e categorías equiparados legalmente aos integrados neles.

3. Así mesmo, os períodos de contratación nas categorías que se indican equipáranse do seguinte xeito:

a) Grupo 3:

- a. Os asociados LRU doutores que non compatibilizaran outra actividade fora da universidade e os lectores LRU asimilados.
- b. Os axudantes LRU doutores.
- c. Os contratados interinamente para prazas vacantes de profesor contratado doutor ao abeiro do acordo de 30/07/2002 entre a USC e os sindicatos sobre a regulación provisoria para a contratación de PDI.

- d. Os investigadores contratados ao abeiro do programa Ramón y Cajal, Parga Pondal ou outros equivalentes, contratados antes da entrada en vigor dos Estatutos da USC de 2014.

b) Grupo 4:

- a. Os profesores asociados LRU non doutores que non compatibilizaran outras actividades fóra da universidade e os lectores LRU asimilados.
- b. Os axudantes LRU non doutores.

c) Grupo 7:

- a. Os profesores asociados LRU que compatibilizaran outra actividade fora da universidade.

Cuarto: Todos os membros de cada grupo e subapartado teñen a mesma prelación, agás o profesorado que estea en posesión de acreditación para o acceso aos corpos de catedrático/a de universidade ou de profesora titular de universidade, ou a categoría de profesor contratado, que non estea cubrindo praza nalgunha das categorías do grupo para o que estea acreditado. Os profesores/as que se atopen nesta situación, terán prelación interna sobre o resto do PDI do grupo ao que pertencen, e entre eles ordenaranse atendendo ao nivel da categoría para a que estean acreditados.

Quinto: O profesorado cuxa contratación fose declarada indefinida por sentenza xudicial incluírase no grupo ao que pertenza a categoría de referencia.

Sexto: Na aplicación da prelación disposta nos apartados anteriores teranse en conta tamén as seguintes regras:

1. Para os efectos de determinar a antigüidade nun posto ou categoría, terase en conta a data de toma de posesión no mesmo.
2. Non se terá en conta o réxime de dedicación dentro da categoría, sen prexuízo do establecido nos apartados anteriores para as figuras existentes no momento da entrada en vigor da LOU, de conformidade coa disposición transitoria primeira dos Estatutos.
3. Non se distinguirán dentro de cada categoría os tipos de contratos de profesor asociado T2 e T3.
4. Non se distinguirá entre axudantes de universidade e de escola universitaria.
5. As situacións de comisión de servizos, servizos especiais, licencias por sabáticos ou equivalentes do persoal da USC non alteran a súa vinculación con esta para os efectos de determinar a antigüidade.

6. A permanencia en corpos docentes ou modalidades de contratación anteriores non equiparados legalmente aos vixentes na actualidade computará, de selo caso, como permanencia na USC para os efectos previstos no apartado c) do punto primeiro.

Disposición Derogatoria: Esta normativa deixa sen efecto á Normativa sobre o criterio de antigüidade do persoal docente e investigador para efectos internos na USC, aprobada polo Consello de Goberno de 22/07/ 2004 e aquela outra que se opoña á presente regulamentación.

Disposición Final: Este acordo entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no taboleiro electrónico da USC: <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm> e se publicará na web do Servizo de Planificación do PDI: [Normativa de antigüidade para o PDI a efectos internos na USC.](#)

ⁱ Acordo de integración do persoal docente da antiga Escola de Graduado Social na Escola Universitaria de Relacións Laborais de 11/07/1999

ⁱⁱ Acordo do Consello de Goberno de 24/09/2013

ⁱⁱⁱ Acordo do Consello de Goberno de 31/10/2013

^{iv} Por acordo do Consello de Goberno de 04/02/2015 ao aprobarse a presente normativa

^v Por acordo do Consello de Goberno de 04/02/2015 ao aprobarse a presente normativa